



ANEXO B

BAREMO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ

1. Por ser demandante de emprego

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos. Polo tempo transcorrido como desempleado/a, debidamente acreditado e sempre que sexa demandante de emprego: 0,25 puntos por mes durante un tempo máximo de 1 ano anterior á convocatoria.

2. Por formación

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de 3 puntos. Neste epígrafe computaránse as actividades de formación realizadas pola persoa interesada e a titulación académica que esta posúa:

a) Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas)

1º Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas, de conformidade co establecido no anexo C.

2º Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita obter a maior puntuación.

3º Non se computarán o certificado de percebeiro nin o certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

b) Titulación académica



galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

1º Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos.

2º Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos.

3º Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos.

4º Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFa), engadiráselles 1 punto á puntuación obtida na titulación académica.

3. Por estar empadroad/a nun concello do ámbito das confrarías ou entidades titulares do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un período mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos.

4. En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.